

Tan seguros estábamos de avanzar que recitábamos como imbéciles, ao tempo confiados e distraídos, poucas veces dubidando, e cando se presentou ante nós o futuro, teso, distante, impaciente, como se nos estivese agardando, miramos a un lado e a outro da indiferenza por se houberse alguén detrás, mais estábamos sós.

De súpeto descubrimos que nos envolvía o veo da inqueda, nun principio non nos preocupou, aínda que resultaba incómoda, pensábamos que o tempo a calmaría. Con todo, comezamos a mirala de esguello, non nos ofrecía confianza e descubrimos que o terror e a ambición empurraban os seus pasos cara o oco sen fondo do pasado; facíanos acenos para que a seguíssemos, pero sabíamos que aquel futuro que nos quería mostrar era unha estafa.

Pensamos que o mellor sería non miralo, que se non lle facíamos caso desaparecería, pero non foi así. Finxindo que ordenaba o mundo, foi devorando pouco a pouco o presente ata que o deixou nos ósos.